

O Dourado Verde

FEADER/32B



Resega Montes S. L.

Rúa Astariz, nº 12,
Castro de Miño (Ourense)
608 706 473 - www.resega.es



**Unión de Cooperativas Asociación
Galega de Cooperativas Agrarias**

Santiago: r/ Tomiño, 22, soto 1 - 981 584 783

Lugo: r/ Poeta Noriega Varela, 30,
entrepantana A - 982 201 514

Ourense: r/ Bedoia, 7, 2º, OF. 1 - 988 242 481

www.agaca.coop

**MONTE VECINAL
"O coto de San Cibrao"**

Monte Vecinal "O Coto de San Cibrao"

Lugar de San Andrés s/n
Ribadavia (Ourense)

Universidade de Vigo

Universidade de Vigo

Facultad de Ciencias
Campus Universitario As Lagoas s/n
Ourense
988 387 000 - www.uvigo.gal



Centro Tecnolóxico da Carne

Avenida de Galicia nº 4,
Parque Tecnolóxico de Galicia
San Cibrao das Viñas (Ourense)
988 548 277 - www.ceteca.net

Proxecto financiado por:



O Dourado Verde

FEADER/32B



Coordina:

Resega Montes S.L.



Interveñen:



Proxecto financiado por:



**MONTE VECINAL
"O coto de San Cibrao"**

Universidade de Vigo

O Dourado Verde

O proxecto “O Dourado Verde” está dirixido á creación dun novo método de **extracción de resina** de coníferas para acadar un produto final máis **abundante** e de **mellor calidade** e conservación, así como **minimizar o dano** causado á árbore.

O proxecto baséase en **sistemas de electroestimulación** do tronco para favorecer a apertura das canles de resina.

A empresa Resega Montes S. L. lidera o proxecto, no que ademais interveñen a Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias — AGACA, o Monte Vecinal en Mano Común “Coto de San Cibrao”, o Centro Tecnolóxico da Carne e a Universidade de Vigo.

OBXECTIVOS

◇ Desenvolver un **método novo, efectivo e estandarizado** para resinar piñeiros que substitúa ao tradicional.

◇ Estudar o **efecto da electroestimulación na madeira e nas canles de resina** dos piñeiros.

Un sistema de cableado adosado ao tronco emite periodicamente descargas leves para manter abertas as canles de resina e que flúa máis.

◇ Estudar o **efecto da aplicación de calor na madeira e nas canles de resina** con mantas eléctricas.

◇ **Reducir os danos na madeira.**

A resinación tradicional debilita a madeira. A electroestimulación diminuíría a propagación de enfermidades do pino sen interferir na integridade da madeira; así, a árbore pode entrar no circuíto da industria madeireira.

◇ **Aumentar a cantidade e a calidade da resina**, para subir o prezo.

O sistema permite que a resina caia directamente a recipientes pechados, evitando lixo.

◇ Estudar o potencial da industria resinera para a **xeración de emprego**.

◇ **Conservación medioambiental:** Os montes traballados corren menor risco de incendiarse.

ORZAMENTO

“O Dourado Verde” está financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) da Unión Europea, polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Conta con 90.022,74€ de orzamento.



RESINA: O DOURADO VERDE

A resina é a **materia prima** dunha gran variedade de produtos. Da resina de coníferas proceden a colofonia, empregada en **farmacia e cosmética**, e a trementina, usada para fabricación de augarrás e **disolventes** na industria de pintura e verniz.

Tamén está presente a resina en **adhesivos**, en **tintas** de impresión, como **axente emulsionante** na polimerización do caucho ou como **modificante** de betume.

Nos últimos anos, coa alza do prezo do petróleo e o aumento da conciencia ecolóxica, cada vez máis industrias especializadas volven a vista cara a ela, atopándolle novos usos. A **producción mundial mantense estable**, ao redor de 1,2 millóns de toneladas, das que Europa achega o 8%.

España ten un gran potencial como produtora; de feito, na década dos 60 **chegou a ser a terceira produtora mundial**, con 55.000 toneladas anuais. Na actualidade, a produción diminuíu e só é significativa na provincia de Segovia, aínda que a **masa forestal e condicións climáticas fan de Galicia mellor territorio**.

Profesionalizar a resinación aproveitando I+D+i pode ter un impacto positivo en moitos eidos:

• Comunidades de Montes, ganderías e silvicultura

O sistema proposto por “O Dourado Verde” engade valor ao monte. Non interrompe a actividade que se estea a realizar nel e engade un recurso directamente monetizable.

É compatible co pastoreo, a recollida de cogomelos, herbas aromáticas, froitos silvestres, compostaxe etc.

• Medio rural e sociedade

Promove a economía rural con industria sostible. Crea postos de traballo estables ligados á economía verde: resineros, cuadrillas de limpeza e control forestal etc. Reduce, indirectamente, os custos derivados do mantemento e vixilancia forestal que exercen as Administracións.

A longo prazo, mellor economía e emprego estable contribúen á fixación de poboación.

• Medio Ambiente

Reduce os incendios forestais grazas á limpeza dos montes, o que tamén mellora a biodiversidade (cogomelos, plantas aromáticas etc.).

A longo prazo, contribúe a reducir emisións de CO², xa que a resina natural substitúe á derivada do petróleo.

• Industria Madeireira

A madeira non se deteriora. Serve para taboleiros, e non só conglomerados de menor valor.

